

A FUNDACIÓN SGAE CONVOCA O PREMIO SGAE DA MÚSICA IBEROAMERICANA TOMÁS LUIS DE VICTORIA CO PROPÓSITO DE OUTORGARLLE O MÁIS ALTO RECOÑECIMENTO PÚBLICO A UN COMPOSITOR VIVO QUE, A XUÍZO DO XURADO INTERNACIONAL, MEREZA ESTA DISTINCIÓN POLA SÚA CONTRIBUCIÓN AO ENRIQUECEMENTO DA VIDA MUSICAL DA COMUNIDADE IBEROAMERICANA AO LONGO DA SÚA TRAXECTORIA PROFESIONAL E A TRAVÉS DO SEU LABOR.

INSTITUÍDO BAIXO A PRESIDENCIA DE HONRA
DAS SÚAS MAXESTADES OS REIS EMÉRITOS DE ESPAÑA



PREMIO SGAE DA MÚSICA IBEROAMERICANA
“TOMÁS LUIS DE VICTORIA”

BASES

1. A presentación de candidatos, nun máximo de tres, corresponderalles en proposta razoada a aquelas institucións culturais e científicas de calquera país do mundo que, pola súa natureza, fins ou contidos, estean vinculadas á música e á cultura iberoamericanas en xeral: Universidades, Conservatorios Superiores de Música, Institutos Científicos, Fundacións Culturais e Musicais, Festivais Internacionais, Orquestras ou Teatros Líricos. Á súa presentación poderán sumarse aquelas institucións ou persoas de recoñecido prestixio que desexen avalar as candidaturas.
2. As candidaturas propostas han de acreditar entre os seus méritos o de posuír a máxima exemplaridade e demostrarán de modo fidedigno a transcendencia internacional da súa obra.
3. As candidaturas formalizaranse mediante o envío do impreso oficial de Proposta, debidamente cuberto segundo modelo da web (www.fundacionsgae.org), remitindo ao domicilio oficial ou por vía telemática ao enderezo de correo electrónico informacion@fundacionsgae.org un escrito con exposición detallada dos méritos extraordinarios da candidatura e da súa transcendencia internacional.

4. Deberanse achegar cantos documentos comporten datos relevantes e información complementaria sobre a candidatura, elixidos polo autor e a institución que propoña a candidatura entre as dez achegas que se consideren máis importantes; partituras, gravacións (en formato CD, DVD, MP3), escritos ou libros (en formato PDF no caso de envío a través do correo electrónico).
5. As propostas enviaranse por correo postal dirixido ao domicilio do Premio (Rúa Bárbara de Braganza 7, 28004 Madrid) ou por correo electrónico (informacion@fundacionsgae.org) ou nas Delegacións Xerais e Sedes da SGAE en España e no estranxeiro (consultar enderezos en www.sgae.es). O prazo de presentación de candidaturas quedará pechado o día 5 de outubro de 2021. A decisión do xurado farase pública nos dous meses seguintes desde o peche da convocatoria.
6. O compositor distinguido co Premio Iberoamericano da Música, Tomás Luis de Victoria, recibirá a cantidade de 20.000 euros libres de impostos que serán entregados nun acto oficial.
7. Para ser admitidas, as candidaturas deberá cumprir os requisitos anteriores. En ningún caso a documentación presentada será devolta, nin se manterá correspondencia sobre a mesma.
8. A Fundación SGAE poderá dar validez ás candidaturas propostas nos últimos anos, sempre que sexan ratificadas polas institucións que as presentaron, para o que será conveniente ampliar o currículo así como engadir todo tipo de información que poida ser de interese para o xurado.
9. O Xurado estará composto por persoeiros dos diferentes países da comunidade iberoamericana. Integraranos cinco nomes de recoñecido prestixio e de diferentes ámbitos da música, así como un secretario, con voz pero sen voto. Todos eles serán nomeados pola Fundación SGAE e a súa composición será anunciada oportunamente.
10. O xurado terá un presidente, elixido entre os membros polos seus propios compoñentes. Na súa primeira reunión, o secretario declarará constituído o xurado, e procederase a continuación á elección do presidente. Correspóndelle ao presidente organizar e dirixir as deliberacións e, no seu caso, as votacións que se produzan; e ao secretario interpretar as cláusulas do regulamento establecidas previamente pola Fundación SGAE e levantar acta das sesións. O Xurado está capacitado para, no seu caso, propor algunha candidatura que considere relevante a condición de que sexa aceptada pola unanimidade dos seus membros.
11. O sistema de votación establecerase de forma que promova até o final a elección sucesiva dos candidatos preferidos pola maioría do xurado. Para ese efecto, o voto deberá ser expresado sempre en sentido positivo.
12. O voto é indelegable e deberá ser emitido por cada un dos membros do xurado no momento en que se proceda á votación. En cada unha das votacións que, no seu caso, se celebren, só poderán participar quen estivesen presentes na deliberación que a precedera.

O premio outorgaráselle á candidatura que obteña a maioría dos votos do xurado. En caso de empate decidirá o voto do presidente.

13. O Premio non poderá ser outorgado a título póstumo. Tampouco pode ser dividido, nin declarado deserto.

14. O gañador do Premio porase a disposición da Organización en todos os actos relacionados coa entrega e difusión do galardón e para estes efectos autoriza á Organización expresamente á utilización, reprodución e distribución do seu nome artístico e da súa imaxe nas fotografías, nas gravacións de son e/ou audiovisuais, nos folletos publicitarios, programas de man e todo o material de comunicación e de publicidade que, con motivo do Premio, elabore o Organizador, e en calquera publicación posterior que calquera das entidades do grupo SGAE realice dos seus informes de actividades.

15. Toda a información e os datos persoais que as partes fornezan na xestión do Premio teñen carácter confidencial e non poderán ser revelados a terceiros nin utilizados para fins distintos aos establecidos, agás as excepcións establecidas pola lexislación vixente. Os datos que voluntariamente faciliten incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é a Fundación SGAE, que será notificado ao Rexistro Xeral de Protección de Datos da AEPD. O titular do Dereito Fundamental á Protección de Datos Persoais conta cos dereitos de Acceso, Rectificación, Cancelación e Oposición. Para exercelos pode dirixirse por escrito a: Fundación SGAE, rúa Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid. A Fundación SGAE presume que os datos facilitados son veraces e responden á súa situación actual. O afectado obrígase a comunicar a súa modificación desde o momento en que se produza.

16. O feito de concorrer a esta convocatoria implica a aceptación íntegra das súas bases e das decisións do xurado, tanto por parte das institucións culturais proponentes como dos candidatos ao Premio. En caso de reclamación ou conflito, consideraranse unicamente válidas as Bases publicadas en idioma castelán e tanto os participantes como a organización deberán someterse á xurisdición dos tribunais de Madrid, España.

ENVÍO DE MATERIAIS

Por correo postal: Fundación SGAE - Departamento de Música
Rúa Bárbara de Braganza, 7 - 28004 Madrid
Delegacións Xerais e sedes da SGAE en España e no estranxeiro
(consultar enderezos en www.sgae.es).

Por correo electrónico: informacion@fundacionsgae.org

Os interesados poderán efectuar todo tipo de consultas ou ampliar información sobre as presentes Bases en:
informacion@fundacionsgae.org - www.fundacionsgae.org - www.sgae.es